

# XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ BLÁZQUEZ: A PAIXÓN DAS ORIXES

Xosé María Álvarez Cáccamo

No mes de decembro de 1982 tiven a oportunidade de entrevistar a Xosé María Álvarez Blázquez para un programa radiofónico de emisión estatal. A xornalista inicialmente destinada a aquela encomenda, informada da miña existencia de escritor acabado de estrear no ámbito público e da miña condición de fillo do intelectual galego que debía ser entrevistado, decidiu encargarme a min a súa misión. Nunca lle agradecín o suficiente aquel agasallo, que representou unha excelente ocasión para transformar o hábito das conversas paterno-filiais de sobremesa en acto formal de indagación na obra e na vida dunha persoa pola que sinto especialísima atracción: o ser humano, o escritor, o activista cultural Xosé María Álvarez Blázquez. Desde entón non deixei de interrogarme arredor das claves de sentido daquela existencia tan xenerosa e intelixentemente entregada á causa da Cultura e ás causas múltiples de Galiza.

Andado o curso da radiofónica conversa, na que eu adoptei unha posición de certa distancia a xeito de aparello defensivo fronte aos perigos da efusión sentimental, enunciei algunha dúbida arredor do probábel prexuízo causado pola diversificación da súa escrita poligráfica, á que respondeu reivindicando o principio do pracer como motor da súa obra e declarando as constantes que contradín a imaxe da heteroxeneidade:

É verdade que hai unha especie de dispersión que talvez puido malograr unha parte da miña obra, pero o certo é que a min me satisfizo e me satisfai e, polo tanto, son feliz co que realicei, aínda que teño a conciencia moi clara de que isto realizado non atinxiu as cotas que podería ter alcanzado se eu me tivese especializado nalgunha destas materias. Pero, en xeral, hai un denominador común en toda esa obra realizada, a que teño entre mans e a que realizarei: o meu gusto polo primitivo, a miña simpatía por todo o balbuciente, por todo o que comeza, por todo o que aínda non madurou e fraguou nunha realidade clara e terminante. Por iso gusto da prehistoria, da literatura medieval (especialmente da literatura medieval galega), por iso investigo no descoñecido para arrincalo do silencio e da sombra, por iso escribín unhas novelas nas que reflicten situacións acaídas a ese xeito meu de sentir e de pensar. De aí tamén deriva a miña vocación docente, o afán de achegarme á infancia, coñecer os primeiros pasos do neno até ser home. Esta procura de camiños ten como denominador común buscar a orixe das cousas, o comezo. Hai unha constante que identifica esta disparidade aparente das miñas actividades.

Aquela resposta de radical transparencia motivou desde entón as miñas pescudas no corpus textual de Xosé María Álvarez Blázquez. Entendín daquela –confirmo cada día esta certeza– que os rumbos principais da súa obra desde que, xa en tempos de nenez e

adolescencia, atinxiu conciencia dos seus propios intereses intelectuais, obedeceron o mandato íntimo dunha pulsión primordial: a paixón das orixes e da tradición, eixo arredor do que xiran, con diversas fórmulas de alternancia cíclica ao longo de máis de cincuenta anos, as liñas centrais do seu discurso creativo e reflexivo e a súa acción pedagóxica como xornalista, conferenciante e editor. Aquel centro interrogativo outorga, a carón dunha moi consciente e efectiva vontade de estilo e co concurso doutras motivacións de índole emotiva e ideolóxica, un perfil de evidente unidade á versátil xeometría das súas inquisicións.

A “simpatía por todo o que comeza” é o movemento anímico que preside as procuraas iniciais daquel neno tudense interesado tanto na recolleita de mostrás da cultura tradicional como na escrita de poemas, os da serie manuscrita dos cadernos “Abril” (10 de decembro de 1927-30 de marzo de 1932), abeirados en gran medida ao territorio estético da lírica popular e da medieval dos Cancioneiros. O poeta adolescente sentíase espontaneamente incorporado á escola da creatividade colectiva e primitiva. O mozo que, en febreiro de 1936, con 21 anos de idade, responde ao “inquérito” proposto por Xosé Filgueira Valverde para a *Antoloxía consultada* –inédita até que o excelente labor de Ana Acuña e Xesús Alonso Montero a rescataron das sombras hai algúns meses– verbaliza con contundente vehemencia os principios da súa poética popularista:

É perciso popularizar a poesía, que é cousa de todos, e sabido é que o poeta non se debe a sí mesmo. [...] A poesía, cando non é do pobo, pérdese como o arte todo, como aconteceu na Hespaña cos Góngoras, na Italia cos Marinos, na Inglaterra cos Leylys, e coma na Galiza queren hoxe, con catro séculos de retraso, algún que outro Cunqueiro, de verdadeiro temperamento lírico, mais no intre cáseque a naufragar.<sup>1</sup>

Nestas liñas fica enunciada, con hipérbole de provocativa enerxía xuvenil, unha escolla estética e ideolóxica que presidirá unha boa parte da obra poética de madurez de Xosé María Álvarez Blázquez. A devandita escolla non contradí outras opcións expresivas do poeta que, con *Canle segredo*<sup>2</sup>, a súa voz máis conseguida e unha das mellores mostrás da poesía galega da segunda metade do século XX, se incorpora e mesmo anuncia –en 1953, data da escrita da maior parte dos poemas que integran ese libro longamente adiado na súa publicación– a abertura do discurso poético de noso a fórmulas expresivas propias da modernidade culta.

En 1936, o autor do inédito *Arco da vella* (1932-34) defende con vigor na resposta ao inquérito de Filgueira “unha volta aos Canzoeiros e un afastamento radical d-isa corrente que foi snobista hai dez anos” (Filgueira Valverde 2008: 304). O poeta popularista, o namorado das cantigas medievais, dos códigos naturais da nosa tradición, non podía aturar daquela o que consideraba artificio puníbel das propostas da vangarda, produto importado e alleo aos nosos hábitos e necesidades. Así declara, con patente belixerancia que o tempo temperaría, a súa animadversión:

É un espectáculo tristeiro de máis ollar coma os poetas nosos fuxen dos recursos que a nosa lingua, a nosa paisaxe i a nosa raza lles emprestan, pra adoutar unha postura incómoda de servil imitación allea, cando podíamos, coma outrora, encher o mundo inteiro co-as nosas cantigas, i-os cantares de amigo e de amor.” (Filgueira Valverde 2008: 304).

Era tamén a posición alerta do mozo nacionalista, o autor do bravo alegato titulado *Berro en lembranza dos heróis de Carral*<sup>3</sup>, o militante das Mocidades do Partido Galeguista, desacougado coas ameazas e éxitos da colonización cultural, defensor e decidido colaborador na construción de sinais dunha identidade política cuxo sentido había que procurar na historia, na indagación das orixes. A atracción polas fontes da tradición é tamén, ou sobre todo, procura das raíces da nación que nos explica e identifica. O diálogo do poeta popular e trobadoresco (e tamén neopopularista e neotrobadoresco), a conversa do investigador medievalista coas falas da primeira lingua literaria galega, foi o discurso indagatorio e reivindicativo de quen loitaba por arrincar do silencio e a sombra a verdade descoñecida, a colectiva razón oculta.

Fiel ao programa enunciado no inquérito de 1936, Xosé María Álvarez Blázquez contribuíu decisivamente a encher o mundo noso coas cantigas de amigo, de amor e de maldecir, que escolmou en 1953 e estudou durante décadas. A *Escolma de poesía galega. I. Escola medieval galego-portuguesa (1198-1346)*<sup>4</sup> representou para centos de lectores a primeira porta de entrada ao coñecemento da nosa lírica medieval, organizada nunha selección cuxos criterios de calidade non perderon vixencia e acompañada de textos analíticos e valorativos cuxo aprecio manifestou así Xosé Luís Méndez Ferrín:

[...] fico admirado –agora mesmo– de que os xuícios críticos formulados entón e as valoracións estéticas alí feitas sigan a ser válidas nos nosos días. E non importa que Pellegrini, e Tavani, e a Stegagno-Picchio e a Reali e o Celso Cunha viñeran coa súa sabedoría, a súa rigorosa pericia e a súa sensibilidade receptora, a traballar nos eidos da nosa lírica medieval desde entón. Non teñades medo: Esquíó, Afonso X, Torneol, Codax, Nunes, todos son exactamente aquilo que X. M. Álvarez Blázquez dixera que eran, con lucidez e en arrautadas de emoción simpatizadora, incluído o intre en que califica a Pero Meogo como ‘o meirande poeta galego de tódolos tempos’. Porque é así.<sup>5</sup>

O antólogo cumpría con entusiasmo, sabedoría e atinada ollada analítica aquel propósito seu de “popularizar a poesía, que é cousa de todos”. O ambicioso lema concentraba varios obxectivos complementarios: a asunción por parte do creador dos modelos temáticos e formais da lírica popular, a divulgación do corpus poético da tradición e a eliminación de atrancos –preferentemente gráficos e de lectura crítica– que dificultasen o acceso do destinatario aos textos. Álvarez Blázquez entregouse con afán á elaboración dun discurso poético que se identificaba ou reinterpretaba a voz colectiva, como poeta popular ou como seguidor das tendencias neopopularistas e imaxinistas cuxos referentes de autoridade principal foron para el Federico García Lorca e Luís Amado Carballo. O estudoso, o compilador da lírica medieval, o etnógrafo e difusor da poesía tradicional,

exerceu un labor decisivo de pedagogía cultural: a popularización daquel tesouro da nosa identidade e a comunicación en ámbitos máis restrinxidos das súas certezas de especialista a través da súa participación en congresos ou a súa colaboración en revistas especializadas. Ao longo de toda a súa vida mantivo en actividade un permanente equilibrio de rexistros expresivos e de horizontes comunicativos, os da voz do investigador erudito e os da fala destinada a difusión masiva. A *Escolma da poesía medieval*<sup>6</sup> acolleu nas súas páxinas e resolveu no seu encontro cos lectores esa harmónica figura dobre: o substrato rigoroso da información, resultado dun demorado estudo de investigación, fornecido nas introducións á obra selecta de cada un dos autores escolmados; o tratamento simplificador e actualizador das grafías medievais nun libro que, en palabras do propio antólogo

[...] vai destinado á ávida grea de lectores non familiarizados cos vellos textos galego-portugueses e que ten por fin principal a vulgarización dos mesmos, dando a conecer ás xentes de dentro e fóra unha parte escolleita, anque mínima, do noso tesouro lírico medieval [...] (Álvarez Blázquez 1975: 10)

A querenza reiteradamente manifesta do antólogo polas músicas do coro popular conduce os rumbos preferentes da *Escolma*, que selecciona con especial emoción e máis abondosa mostra a cantiga de amigo fronte á de amor. Máis unha vez, o pescudador do centro orixinario identifica as razóns da cultura popular coa profunda e primitiva raíz do ser colectivo. E xustifica así a inescusábel fidelidade da súa escolla popularista:

Non podemos negar que foi nista seara do frolecer popular onde nós quixemos facer o millor da colleita, pois é cousa sabida que alí están as esencias líricas da terra, cuia seiva preciosa asómase ao mundo da poesía nos beizos da 'amiga' que canta, atal que si fosen pétalos bermellos da vella roseira tradicional. (Álvarez Blázquez 1975: 8)

No territorio mesmo das orixes da nosa lingua literaria instalouse o poeta, o erudito medievalista, o “xentil deportista das glorias do mito” –así saudado por Otero Pedrayo en simpático e brillante poema epistolar– para transformarse en trovador medieval e asumir a voz dos oito autores escolmados no *Cancioeiro de Monfero*<sup>7</sup>. Durante varias xornadas do ano 1953 e creo que maiormente en noites de insomnio, circunstancia que facilitaría a execución do chimpo intersecular, Xosé María Álvarez Blázquez desprazouse en viaxe astral para realizar o seu soño de habitar o ámbito da Galiza do século XIII, tantas veces percorrido en reconstrución imaxinativa, e reencarnar na figura múltiple dos trovadores aos que se sentía unido por vencellos de moi estreita familiaridade. Xosé María ocupou o espírito e a voz de Riandiño, de Fernando Esquíó, de don Álvaro de Soutomor, de Pero Amigo, de Roi Paes de Ribela, de Golparro e mesmo dalgúns xograres e trovadores de descoñecida entidade. Pero o poeta, o responsábel único da escrita das oito cantigas que compoñen o *Cancioeiro de Monfero*, non perdeu por completo os matices da voz propia, que declara acentos de tonalidade súa e, como afirma Xavier

Rodríguez Baixeras, “denota, no fondo, e puntualmente, unha arte sospeitosamente moderna, algo afastada do poeta do s. XIII”<sup>8</sup>. Sen deixar de escoitar o mundo e a música dun trobador medieval, eu sinto tamén a Xosé María Álvarez Blázquez nestes versos de Golparro: “Madre, a San Treeçon irei / e no río banharme ei / ante que saya l’albor.”

Malia a devandita posibilidade de sentirmos a presenza poética do compilador do apócrifo cancionero no substrato fondo daquelas composicións, non cabe inscribir sen máis o libro na nómina da escola neotrobadoresca. Baixeras sitúao “nos lindes da corrente neotrobadoresca”. Darío Xohán Cabana aclara que

Bouza-Brey, Álvaro Cunqueiro –e o propio Álvarez Blázquez doutros libros e poemas– son poetas modernos que xogan a imitar os ritmos devanceiros e conseguen maravillosos obxectos poéticos modernos cunha aparencia antiga, coma un neorrománico ou un neogótico literario. Pero nestes poemas Álvarez Blázquez non imita: transfigúrase en Fernando Esquío ou en alguén que tanto pode ser Pedro Amigo como Roi Páez de Ribela, ou mesmo nun xograr humilde e descoñecido, e desde esas personalidades constrúe cantigas ‘auténticas’.<sup>9</sup>

O *Cancioneiro de Monfero*, xenial brincadeira, orgullosa exhibición de virtuosismo fronte ás posíbeis reticencias suxeridas por Darío Xohán Cabana no seu magnífico estudo sobre a vida e a obra de Xosé María Álvarez Blázquez, non permite ser situado no centro da cuadrícula asignada pola crítica á escola neotrobadoresca. Aceptaría, en todo caso, a súa ubicación nas lindes que deseña Baixeras na rigorosa introdución á edición da *Poesía Galega Completa*. Tampouco non se trata de poesía imitativa ou simple reconstrución erudita. É poesía medieval, trobadoresca, obra dun home tan fervorosamente seducido polo engado da historia que foi quen de desprazarse en viaxe astral ao tempo lonxincuo dos seus soños e revitalizar a voz do coro colectivo, o acento singular dos poetas antigos.

Poeta popular, partícipe, pois, na elaboración do discurso lírico da tradición que afunde as súas raíces nos alicerces históricos do idioma e da cultura de noso, o autor de *Poemas de ti e de min*<sup>10</sup> –da parte que lle correspondeu no volume cuxas páxinas compartiu co seu irmán Emilio– e de *Roseira do teu mencer*<sup>11</sup>, verbalizou tamén nestes libros a súa vontade de dialogar “coas esencias líricas da terra”. Non resulta doado establecer fronteiras precisas entre as manifestacións da tradición popular, as do imaxinismo neopopularista e as do neotrobadorismo que se expresan nos dous primeiros poemarios galegos de Álvarez Blázquez, que xa se mostraban no inédito *Arco da vella*, –conxunto de onde procede, por decantación, *Poemas de ti e de min*– e que continuarán a deixarse sentir nalgúns poemas de *Canle segredo* e da obra dispersa anterior e posterior. Os matices entre estas diferentes opcións estéticas non modifican no esencial o rumbo cara ás orixes que incitaba a súa escrita poética. Os escritores neopopularistas e neotrobadorescos andaban tamén á procura de raíces e sinais de identidade orixinarios, na mesma dirección en que se movían pintores primitivistas como Colmeiro e Maside, artistas cuxa obra apreciaba

moi especialmente Álvarez Blázquez. O equilibrio entre tradición e vangarda que singulariza o idiolecto de Amado Carballo e a súa escola, de cuxo maxisterio se nutre de xeito moi consciente a escrita de Xosé María desde os días da fundación da revista *Cristal*<sup>12</sup>, é a solución rupturista que o autor de *Proel*<sup>13</sup> e *O galo*<sup>14</sup> adopta fronte ao clasicismo que as vangardas combaten. Pero a vangarda galega de Amado Carballo constitúe unha escola temperada que tenta conciliar a fractura anovadora coa fidelidade á tradición popular, aquel río da fala antiga e esencial das coplas e as cantigas que continuou a fluír en curso subterráneo pola canle secreta dos séculos escuros e saíu outravolta á luz, reinterpretado, na voz de Rosalía para continuar alimentando o discurso de moitos poetas desde finais do século XIX.

Xosé María Álvarez Blázquez manifestara con vehemencia, como vimos, a reprobación “d-isa corrente que foi snobista hai dez anos” e rexeitara a poesía non popular de “algún que outro Cunqueiro, de verdadeiro temperamento lírico, mais no intre cáseque a naufragar”, ou sexa o “poeta abstracto sen manifesto”, tal como caracteriza Ferrín ao autor de *Mar ao norde*<sup>15</sup> e *Poemas do si e non*<sup>16</sup>, o vangardista radical, situado nestes dous libros de mocidade en territorio próximo ás propostas de Manuel Antonio, “cuxo exemplo non orixina descendencia na xeración de 1936, a excepción de Cunqueiro” (Méndez Ferrín 1984: 153). Pola contra, o poeta de *Arco da vella* e de *Poemas de ti e de min*, identificábase, como a maioría dos seus coetáneos, coa solución moderada e conciliadora do neopopularismo de Amado Carballo e sentíase moi lonxe do creacionismo de Manuel Antonio.

Os *Poemas de ti e de min* residen, pois, no úbedo hábitat da cultura literaria popular e tradicional, reinterpretada a través da cosmovisión e as tonalidades emotivas específicas do autor e modulada aquí e acolá polas fórmulas modernizadoras do imaxinismo e o neotrobadorismo. No poema titulado “Desterro”, unha das pezas maiores da escrita poética de Xosé María Álvarez Blázquez, como noutros pertencentes a este libro, podemos percibir a convivencia das diversas formulacións da poética popularista: “Que lonxe vivo, / ai, madre!, / que lonxe estou. / Unha anduriña, /madre, / que non tornou”. *Roseira do teu mencer*, cántico do amor de pai en estrea emocionada, é, en palabras de Darío Xohán Cabana “cantiga de berce, canción de roda, xogo paralelístico, artificio popularista, autenticidade popular, cousa leve se as hai: si, pero a emoción latexa en cada sílaba” (Cabana 2008: 93). Emoción de namoro, alto oficio musical, poderosa suxestión simbólica a destes versos primeiros: “Era un airiño soave / que se ergueu pola mañán / e viña de non se sabe”. O *Romance do pescador peleriño*<sup>17</sup> constitúe outra variante feliz da Poética Popular do seu autor, viaxeiro infatigábel polas rúas do romanceiro tradicional. En *Canle segredo*, maiormente verso libre ou branco de dicción conversacional, pervive en reducida mostra a liña neopopularista. A atracción das orixes exprésase ademais neste libro a través do regreso ao limiar paradisíaco da existencia individual, a recuperación da nenez, aquel afán de achegamento á infancia declarado na

entrevista de 1982 como outra das manifestacións da súa fascinación “por todo o que comeza”, impulso que constitúe tamén o núcleo significativo de *Roseira do teu mencer*. O reencontro do poeta adulto desde a memoria co neno que foi feliz nas horas do verán en Baión resulta inseparábel da identificación do seu ser coa Terra esencial, co mundo primixenio e primitivo, cerna da razón transcendente e colectiva: “Como che vou cantar, terra da ialma,/ se non é coa lembranza do máis puro, / co inxel descubrimento da túa entrana,/ na nosa mutua primixenidade”. Mutua primixeneidade, diálogo e fusión entre as raíces do home-neno e as da Terra orixinaria, aquela fascinación do xenesáco, a simpatía por todo o que comeza. Finalmente, popular, radicalmente popular, é o heterónimo epigramático Pepe do Rollo, autor dunha serie de coplas satíricas, varias delas incorporadas á escolma de epigramas titulada *Sal e pementa* que editou Castrelos na colección O Moucho en 1968. Xosé María Álvarez Blázquez recuperou daquela o seu hipocóristico infantil, Pepe, e o topónimo local da súa infancia, o do barrio tudense do Rollo, para dedicarse a facer “versos de rueiro ou calella, cando non de praza vilega”, motivados polo “cabreo que lle entra a cada intre polas cousas que escoita e ule e ve”<sup>18</sup>.

Alén da procura dos sinais de identidade colectiva orixinaria, desde 1936, os intelectuais galeguistas tiveron que ocuparse tamén en labores de reconstrución da nación esnaquizada polo terror de estado. Nese esforzo de recuperación da respiración comunal, Xosé María Álvarez Blázquez non actuou en solitario. Pero acaso ningún outro escritor da súa xeración diversificou tanto e con tan teimoso esforzo o aparello inquisitivo. Celso Álvarez Cáccamo entende que “na súa visión inerentemente colectiva do que são as letras e outros signos, practicou a recolla dos pedaços dos tempos para uni-los da forma que tivesse mais sentido”<sup>19</sup>. De “reconstrutor dun país en anacos” cualifícao o xornalista Manuel Xestoso, quen reparou especialmente na faceta de coleccionista do escritor tudense, actividade que pode ser entendida como “metáfora do construtor dun mundo”. “E que outra cousa fixo Álvarez Blázquez –pregúntase Xestoso– senón recoller anacos dunha cultura –cantigas, machados de pedra, documentos antigos, libros raros e preciosos...– para pescudar no sentido último que esa múltipla colleita lle revelaba?”<sup>20</sup>. Menor ou nula transcendencia pública atinxiron algunhas das súas coleccións, lecer privado –aínda que compartido coa familia– como o que obtiña dos seus álbums de tarxetas de visita ou das moreas de naipes de variado deseño. Pero o etnógrafo colleitou ao longo de toda a súa vida milleiros de mostrás da cultura popular que regresaron á casa do pobo a través das páxinas de Edicións Castrelos en títulos como *Cantos de Nadal*, *Aninovo e Reis*, *Cantigas do viño*, *O libro do marisco*, *Cantares de cego* ou *Os nomes da terra*, entre outros. O ávido pescudador de manuscritos, viaxeiro co seu socio da librería anticuaria e da editorial Monterrey, Luís Viñas Cortegoso, polas bibliotecas dos pazos, mosteiros e casas reitorais de Galiza, entregou preciosas descubertas de inéditos como a *Égloga de Belmiro e Benigno*<sup>21</sup>, de Nicomedes Pastor Díaz, cuxa autoría demostrou. E o fervoroso

buscador de tesouros comezou a súa actividade de arqueólogo en tempos de adolescencia a partir dunha colección propia de 61 machados paleolíticos que foi recadando na bisbarra de Tui.

A Xosé María Álvarez Blázquez naceulle a paixón da arqueoloxía nos días da primeira mocidade, conforme ía configurando a súa personalidade de poeta e afortalando o seu amor pola cultura popular. A atracción polas orixes remotas da humanidade e pola raíz da nosa historia consolidouse coa axuda e o maxisterio do arqueólogo tudense Manuel Fernández Costas, con quen fixo, na compañía doutros rapaces, as súas primeiras prospeccións nos castros de Cabeza de Francos e A Guía durante os anos 1933 e 34. No verán de 1934, con 19 anos, dirixe el mesmo unha improvisada escavación no castro de San Xoán de Baión, da que deixou un diario manuscrito, inédito até que, en data recente, o Instituto de Estudos Miñoranos o incluíu no libro *Escritos sobre arqueoloxía*, que recolle todas as publicacións do Xosé María Álvarez Blázquez arqueólogo e prehistoriador. Relativas á primeira xornada, a do 31 de agosto, son estas notas, reveladoras do entusiasmo xuvenil do investigador:

Todo o serán foi noso. Erixinme en capitán e os rapaces traballaron de cote, Pepe Buela, Celso García de la Riega, o seu amigo Guillán, os meus irmáns Alfonso, Emilio e Álvaro, e mais eu eramos de feito un bo exército. Namentres eles folgaban despois da subida, eu fixen da eixada o meu zahorí. Unhas cantas calas pequerrechas e ao cabo: 'aquí, rapaces' [...]<sup>22</sup>

A familiar xeira do 31 de agosto conclúe no diario de Xosé María coa manifestación dun desexo que declara as súas certezas ideolóxicas, máis unha vez alicerzadas na procura da identidade orixinaria:

Unha pequena facha préndeme na imaxinación: ¿estou diante dun castro eneolítico todo o máis, por tanto lonxe de calquera influxo castrexo? Non sería pouco, se isto acontecese dese xeito. A súa limitada cabida quizais fose causa de desprezo. Eu ansío non teña pasado do eneolítico, pois a súa orixinalidade estaría en non ser abranguido pola influencia romana que tanto asoballou a nosa personalidade.

Desde os lonxincuos e saudosos días estivais de Baión, quen, anos despois, sería nomeado delegado de escavacións arqueolóxicas de Vigo e director da Sala de Prehistoria do Museo vigués de Castrelos, por el fundada e organizada, non deixou nunca de dirixir ou participar en escavacións de diversa entidade, das que deu testemuño en numerosas publicacións. Soterramentos romanos na rúa Picacho e primeiras prospeccións no Castro de Vigo en 1952, ás que seguirían outras até os anos 80; descuberta e escavación en 1953 dun magnífico achado de estelas funerarias, o conxunto epigráfico romano máis importante de Galiza; as campañas dos anos 61 e 62 no xacemento paleolítico das gándaras de Budiño; laudas do santuario dedicado ao deus Berobreo no monte Facho de Donón a comezos dos 60; a cista de Atios do 67... constitúen as súas actividades e acha-



dos máis importantes como arqueólogo. Que se complementaron cun incesante labor de difusión a través da prensa e da comunicación escrita e oral como congresista e confe-renciante.

A laboriosa esculca do arqueólogo resultou recompensada coa felicidade dalgunhas descubertas fascinantes, entre as que sobrancean o da ara e as 29 estelas funerarias romanas localizadas e escavadas na rúa Hospital de Vigo e instaladas logo no museo de Cas-trelos, e o do xacemento paleolítico das gándaras de Budiño. O achado romano constitu-ía o limiar histórico máis sólido da futura cidade de Vigo, ao estudo de cuxa biografía dedicou o Cronista Oficial da Cidade milleiros de horas e páxinas. *La ciudad y los días. Calendario histórico de Vigo*<sup>23</sup>, reeditado en galego no ano 2008, constitúe unha das mello-res mostras da escrita ensaística de Álvarez Blázquez. O amor de reflexión e coñece-mento exercido sobre a cidade que acolleu a súa vida desde o regreso do desterro zamo-rano e até a fin dos seus días, entre 1941 e 1985, manifestouse tamén, entre outras moi-tas publicacións, no volume titulado *Martín Códax, cantor del mar de Vigo*<sup>24</sup>, onde o poeta medieval camiña por riba das pedras que sete séculos despois descubriría o seu biógrafo en funcións de arqueólogo. Eran as estelas funerarias romanas escavadas en 1953, trans-formadas en lousado de calella. Foi tamén unha magnífica ocasión para o encontro do historiador da literatura medieval galega co arqueólogo, a aperta de dúas entre as diver-sas facetas do namorado da vida que comeza.

Unha das paixóns maiores de quen na entrevista de 1982 declaraba a súa atracción “polo primitivo, por todo o balbuciente, por todo o que comeza, por todo o que aínda non madurou e fraguou nunha realidade clara e terminante” foi a das pedras do raio, aqueles prodixiosos aparellos que se nos entregaron con deliciosa docilidade nas primei-ras prospeccións –ás que eu asistín de neno– realizadas no xacemento das gándaras de Budiño e que constituíron unha das experiencias máis venturosas do prehistoriador e arqueólogo Xosé María Álvarez Blázquez, cuxa entrega á causa superior do Paleolítico rexistrei así no meu libro *Tempo do pai*:

Moitos exemplares pétreos da milenaria industria paleolítica, colleitados nas Gándaras de Budiño, na contorna do Castro de Vigo ou en camiños, outeiros e areais próxi-mos á cidade, vivían espallados por andeis e caixóns do piso do barrio das Travesas, onde vivíamos, ou da casa alugada para o verán, ergueita sobre as dunas da praia da Calzoa, parroquia de Coruxo. Quen sabe se o ‘pico monofacial sobre croio de seixo branco e cortiza avermellada, achado na praia da Calzoa’ ou o ‘bifaz en punta de fuci-ño sobre lasca mesta de cuarcita gris, topado en San Amaro, abas do Castro’, así des-critos nunha publicación do museo Quiñones de León onde colaborara o meu pai, non eran aqueles que viamos a cotío pousados como obxectos decorativos no noso espazo familiar. Eran, sen dúbida, pezas escultóricas de poderoso significado, as pedras do raio que os labregos respectaban como produtos do misterio, instrumentos que aga-chaban un núcleo aceso de enerxía sacra. Cando o meu pai as brandía para facernos visíbel o sentido da súa utilidade e a precisión ergonómica do seu deseño, as súas mans cativas transformábanse para recobrar o vigor muscular dos devanceiros cazadores nómadas.<sup>25</sup>

O home apaixonado das orixes, o poeta namorado da tradición, o etnógrafo entregado á colleita incesante dos froitos da cultura popular, o medievalista fascinado pola música primitiva das cantigas, o buscador de tesouros manuscritos que alicerzaron o limiar da nosa identidade, o investigador das primeiras culturas líticas, andaba tamén detrás das raíces máis lonxincuas da existencia humana e cósmica, cuxo engado nos transmitiu en reiteradas conversas de sobremesa. Gardo daquelas leccións súas de mestre en voluntarioso exercicio de resistencia activa contra o silencio depurador da ditadura unha lembranza moi agradecida, que quixen recoller nestas palabras da miña memoria dedicada ao tempo do pai:

Maiormente en noites calurosas de verán e todos, a nai tamén, sentados na terraza da casa de Coruxo, atendíamos, preguntabamos, interrompíamos a explicación do pai. O seu era un programa moi suxerente, especializado sobre todo en materias de Antropoxía e Astronomía, axeitado ao nivel dos cativos destinatarios. O asunto era a vida dos homes primitivos, unha das súas paixóns preferidas, a invención da roda, a frecha e o lume, inventos tan importantes, ou máis, –insistía– que a imprenta, o teléfono ou a aviación. A roda como descuberta probabelmente casual a partir da observación dun tronco de árbore a rebolos pola montaña abaixo. A frecha como prolongación do brazo. A vagarosa aprendizaxe da conservación do lume logo do incendio provocado por un lóstrego. A máis ardua tecnoloxía da súa fabricación. Encomio das artes fabrís do paleolítico, a extraordinaria habilidade dos fabricantes de machados. [...] O ceo de agosto sobre as praias da Foz e da Calzoa, en anos de moi pobre iluminación eléctrica e lonxe da cidade, era un espectáculo semellante ao que contemplaría o noso avó de Cromagnon. O noso pai tentaba facernos comprender o significado excesivo do universo, o inatinxíbel sentido do tempo, o daqueles astros que enviaban luz desde unha distancia descomunal e que acaso estaban mortos xa, mentres continuaba a chegar a nós o latexo da súa vida. Ensinounos a distinguir a figura da Osa Maior, a identificar a Estrela Polar, a recoñecer a Venus polo seu brillo especial. Entendimos a realidade da nosa humilde posición dentro da Vía Láctea, aquel ronsel de néboa estelar que semellaba alleo, estranxeiro e, non obstante, era o bosque dentro do que viviamos. Aprendimos a emoción dun asombro absoluto, a urxencia permanente dunha pregunta esencial, que non atinxe outra resposta que a do cultivo da mesma emoción que a suscita. Eu tentei regresar ao amor daquelas leccións prácticas, co ceo de agosto sobre a aula aberta de Coruxo e o noso pai a conducirmos polos camiños da vertixe cósmica. Nun poema do meu libro *Calendario perpetuo* tentei así a miña viaxe de volta: “Sabios son os pais dentro da cúpula de Agosto. Cando sinalan polos seus nomes os fatos das estrelas quietas e as provincias zoomórficas da luz e os sucesos arrítmicos da noite, parecen vir de alí, pastores de alto cimo, sabios da soberana cúpula de Agosto. Collen as mans dos fillos e agariman os seus cabelos mentres cantan unha tristura maina que semella ledicia e son certos na asignación de cifras para o curso dos sistemas inestábeis e relatan a historia dos satélites xemelgos e a lenda das grandes pedras ceibas, chamadas fuxidías, sabios porque nos fan sentir unha loucura de forte intelixencia: estamos vivos todos mentres chega do abismo unha luz que estoupou cando todo era nada”.<sup>26</sup>

## NOTAS

- 1 Filgueira Valverde, Xosé (2008): *Os poetas galegos (1936). Antoloxía consultada*. Pontevedra: Museo de Pontevedra-Sociedad Estatal de Conmemoraciones Culturales, p. 305. (ed. de Ana Acuña e Xesús Alonso Montero).
- 2 Álvarez Blázquez, Xosé María (1976): *Canle segredo*. Vigo: Castrelos.
- 3 Álvarez Blázquez, Xosé María (1934): *Berro en lembranza dos herois de Carral*. Pontevedra: Federación das Mocedades Galeguistas.
- 4 Álvarez Blázquez, Xosé María (1952): *Escolma de poesía galega. I. Escola medieval galego-portuguesa (1198-1346)*. Vigo: Galaxia.
- 5 Méndez Ferrín, Xosé Luís (1987): “Con Xosé María”, in Xosé María Álvarez Blázquez: *Poesía Galega Completa*. Vigo: Xerais, pp. 7-8.
- 6 Así titulada a partir da segunda e definitiva edición, onde se revisa e amplía a anterior. Foi publicada por Edicións Castrelos en 1975.
- 7 Álvarez Blázquez, Xosé María (1953): *Cancioeiro de Monfero (Século XIII)*.Vigo: Monterrey.
- 8 Rodríguez Baixeras, Xavier (2008): “Introdución” in Xosé María Álvarez Blázquez: *Poesía Galega Completa*. Vigo: Xerais, p. 37.
- 9 Cabana, Darío Xohán (2008): *Xosé María Álvarez Blázquez. Vida e obra*. Vigo: Xerais, p.97.
- 10 Álvarez Blázquez, Xosé María (1949): *Poemas de ti e de min*. Pontevedra: Benito Soto.
- 11 Álvarez Blázquez, Xosé María (1959): *Roseira do teu mencer*. Vigo: Monterrey.
- 12 A revista literaria pontevedresa *Cristal* foi fundada por Xoán Vidal e Xosé María Álvarez Blázquez en 1932. Desapareceu en 1933.
- 13 Amado Carballo, Luís (1927): *Proel*. Pontevedra: Alborada.
- 14 Amado Carballo, Luís (1928): *O galo*. A Coruña: Nós.
- 15 Cunqueiro, Álvaro (1932): *Mar ao norte*. Santiago: Nós.
- 16 Cunqueiro, Álvaro (1923): *Poemas do si e non*. Lugo.
- 17 Álvarez Blázquez, Xosé María (1954): *Romance do pescador peleriño*. Vigo: Monterrey.
- 18 Álvarez Blázquez, Xosé María (2008): *Poesía galega completa*. Vigo: Xerais p. 333.
- 19 Álvarez Cáccamo, Celso (2008): “A cordura da cultura como tarefa colectiva”, *La Voz de Galicia*, 15 de maio.
- 20 Xestoso, Manuel (2008): “Xosé María Álvarez Blázquez, reconstructor dun país en anacos”, *A Nosa Terra*, 7 de maio.
- 21 Incluída no libro *Poesías galegas de Nicomedes Pastor Díaz*. Vigo: Monterrey, 1951.
- 22 Méndez Quintas, Eduardo (coord.) (2008): *Homenaxe a Xosé María Álvarez Blázquez. I. Escritos sobre arqueoloxía de Xosé María Álvarez Blázquez*. Gondomar: Instituto de Estudos Miño-ranos, p. 211.
- 23 Álvarez Blázquez, Xosé María (1960): *La ciudad y los días. Calendario histórico de Vigo*. Vigo: Monterrey. Edición en galego: *A cidade e os días. Calendario histórico de Vigo*. Vigo: Xerais, 2008.
- 24 Álvarez Blázquez, Xosé María (1962): *Martín Códax, cantor del mar de Vigo*. Vigo: Asociación de la Prensa de Vigo.
- 25 Álvarez Cáccamo, Xosé María (2008): *Tempo do pai*. Vigo.
- 26 *Ibidem*, pp. 69-71.